



PLAN DE CONVIVENCIA

COLEXIO DIVINO SALVADOR

PLAN DE CONVIVENCIA COLEXIO DIVINO SALVADOR

ÍNDICE

1.A análise da situación	2
1.1 Estado da convivencia	2
1.2 Situacións máis preocupantes	4
1.3 Accións correctoras empregadas e os seus resultados	5
2. Os obxectivos específicos	6
3. Descrición das actuacións	7
3.1 Actuacións Xerais	7
3.2 Accións preventivas	9
3.3 Accións formativas e de sensibilización	9
3.4 Accións de intervención	10
4. Aula de convivencia inclusiva	11
5. Potocolo de prevención do acoso escolar	14
6. As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia	48
7. Difusión do Plan de convivencia	60
8. Seguimento, valoración e mellora do plan de convivencia	61
9. Anexos	62

1. A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.

En canto á análise xeral da realidade, remitimos ao Proxecto Educativo do Centro, onde se detalla o contexto sociocultural do centro: a súa historia, estrutura, situación, ambiente familiar e un estudo xeral do perfil do alumnado.

Por outra banda, a análise da realidade da convivencia no noso centro constará de tres partes. En primeiro lugar, recolleremos unha síntese da valoración sobre o estado da convivencia realizada polo profesorado do centro. Nun segundo momento, recolleremos as situacións que segundo esta análise parécennos máis preocupantes. E por último avaliaremos as medidas de actuación empregadas e analizaremos os seus resultados.

A partir de todos estes datos podemos propoñer tanto os obxectivos como as accións do noso novo plan.

1.1. ESTADO DA CONVIVENCIA

INFANTIL

O enfoque da convivencia no noso centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións que se realizan van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, boas canles de comunicación e a prevención de problemas de condutas que poidan xurdir na etapa de infantil. Para iso e desde as aulas elaboráronse unhas normas en forma de carteis con imaxe-palabra que axudan visualmente ao noso alumnado para recibir a información ademais de traballarse día a día coa titora.

Unha boa convivencia esixe o respecto mutuo e a aceptación das devanditas normas; aceptación dos nosos iguais en todos os ámbitos(físico, social, persoal); resolución por medios non violentos de tensións ou disputas diarias. É algo máis que a mera coexistencia ou tolerancia do outro.

Na etapa na que nos atopamos podemos falar de situacións bastantes comúns que non transcenden máis aló, polo que o diálogo é a canle máis habitual e recorrido, onde o adulto/profesor actúa como mediador e mesmo facilitador de ferramentas que poidan empregar para resolver de forma autónoma o conflito que xurda nese momento. Unha vez dito isto, podemos dicir que polo xeral o ambiente entre o noso alumnado é bastante saudable.

Así mesmo, consideramos importante non só as relacións internivel entre os alumnos/as do ciclo senón que, resulta enriquecedor e gratificante as relacións que se lles ofrece a través do Apadriñamento dos nenos/as de infantil, mediante a realización de actividades conxuntas. Unha fermosa práctica que establece un vínculo significativo entre padriños ou madriñas e nenas ou nenos de diferentes idades e que permite a ambas as partes formarse como persoas, nas que valores como: respecto, coidado, axuda.... son indispensables na nosa comunidade educativa.

Ademais , as relacións coas nosas familias, resultantes dunha boa comunicación en xeral, ofrécenos tamén a oportunidade de facerlles partícipes das actividades, deseñadas dentro ou fora da aula, implicándoas na súa realización, demostra a importancia tan grande que é a relación familia- escola na nosa aprendizaxe. Polo que, a gran maioría participan e colaboran coas necesidades que se orixinan non só no seo das titorías. Unha colaboración indispensable cun fin común: o desenvolvemento integral do neno/a.

PRIMARIA

Polas idades coas que nos desenvolvemos en Primaria, non adoitan presentar grandes conflitos ou importantes nas alteracións da convivencia. A maioría das actividades do centro (tanto lectivas coma complementarias), agás pequenas excepcións, realízanse nun clima sereno, de respecto, de harmonía... e sempre atendendo ás normas establecidas.

A maioría das situacións que perturban o adecuado desenvolvemento das actividades nas aulas ou no centro son pouco significativas e de pouca gravidade. As principais causas da gran maioría das rutinas perturbadoras están vencelladas polo xeral á desmotivación do alumnado, ao aburrimiento e á ausencia de éxitos académicos, coa busca conseguinte de protagonismo mediante condutas inapropiadas. Por outra banda, moitas destas condutas están maximizadas na falta de seguimento familiar (establecemento de normas e límites, permisividade de horarios...) Estas actitudes están máis presentes e con maior frecuencia no alumnado dos últimos cursos.

O clima escolar tanto nas relacións entre o alumnado, entre profesorado e alumnado e entre profesorado e as familias discorre tamén dentro dos parámetros da normalidade.

SECUNDARIA

Tanto no patio como nos actos colexiais ou na aula, a maioría dos episodios de indisciplina son leves, sendo: faltas de traballo ou disrupcións na aula, pequenos conflitos entre iguais,... Os feitos máis graves concéntranse nun grupo moi reducido de alumnos/as.

Na relación coas familias a maioría son colaborativas co centro aínda que hai unha pequena porcentaxe que se amosa crítica coa labor do profesorado e defende a actitude dos seus fillos/as.

Aínda que en xeral o ambiente é tranquilo, o último trimestre os problemas disciplinarios multiplícanse. Cremos que nestes compases finais no fondo o que ocorre é que hai que aplicar xa medidas extremas con alumnos cos que se esgotaron todas as vías de corrección. Por iso as medidas disciplinarias mais serias (expulsións a casa ou castigos) aumentan, porque no fondo culmina un proceso de xestión da convivencia de todo un ano. Habemos de precisar, polo mesmo, que o número de alumnos que xeran problemas serios é relativamente reducido. Os cursos que xeran máis problemas varían segundo os anos, sendo xeralmente 2º e 3º da ESO os máis problemáticos.

1.2. SITUACIÓNS MÁIS PREOCUPANTES

INFANTIL

SITUACIÓNS MÁIS PREOCUPANTES

Normalmente, todas as familias móstranse colaboradoras nesta etapa: traen os materiais que se lles piden puntualmente; colaboran en altas porcentaxes nos obradoiros con pais ou outras actividades, etc.

Absentismo escolar: as faltas de asistencia soen ser máis habituais en 4º de infantil, xa que están enfermos con máis frecuencia e a miúdo o exceso de protección fai que non veñan ao colexio por un simple catarro ou que cheguen tarde porque dormen un pouco máis. En 5º e 6º curso, a asistencia é regular. Só se aprecia esporádicamente casos de faltas de asistencia habituais e de impuntualidade reiterada.

Faltas de disciplina: Os escasos episodios vincúlanse coa inestabilidade familiar e a falta de madurez do alumando respecto a súa idade.

Normas elementais de educación: Tendo en conta a idade e circunstancias de cada alumno, cúmprense sen problemas. O trato tamén é moi correcto e cordial entre as familias e o profesorado.

PRIMARIA

Independentemente da valoración positiva mencionada anteriormente, si que debemos citar algunhas situacións onde a convivencia vese alterada por diferentes razóns.

Entre as condutas do alumnado de Primaria que dificultan ou impiden o normal desenvolvemento das clases podemos destacar: a impuntualidade repetida, non traer o material escolar, as faltas de respecto aos compañeiros e en menor medida a profesores, desobediencia ás normas, pequenos episodios de violencia á hora de resolver os problemas ou conflitos entre iguais...

Nos últimos cursos da Primaria as veces existen alumnos xa moi desmotivados e cunha falta de seguimento familiar significativa que presentan claros síntomas de abandono escolar: non hai responsabilidade á hora de realizar os traballos, de traer o material escolar, etc.

SECUNDARIA

Nos últimos anos hai algúns alumnos que xeran distintos tipos de problemas: desinterese polo estudo, problemas de disciplina (molestar na aula ou non facer caso do que di o profesorado) e impuntualidade. A miúdo coinciden as dúas primeiras situacións. Obsérvase que estes problemas se concentran en 2º e 3º. É digno de apuntar que os roubos e os episodios de violencia case non existen, polo menos de forma manifesta, aínda que é moi frecuente a violencia verbal, incluso uns códigos relacionais agresivos, que non favorecen a convivencia.

Nos últimos anos interviuse tamén nalgunhas situacións con forma de suposto acoso. Aplicouse o protocolo e descartouse a presenza do acoso escolar, aínda que si que tiveronse que tomar medidas disciplinarias con algúns destes alumnos/as por faltas de respecto puntuais a algúns alumnos/as.

Seguimos a detectar, dun tempo a esta parte, unha proliferación de episodios de insultos, disputas ou maltrato verbal que utiliza como ferramenta Internet. Estas situacións aparecen tanto nos primeiros cursos como nos últimos, o que, sen ser sorprendente, fálanos dun novo espazo de convivencia, o virtual, cuxas regras non teñen demasiado claro o noso alumnado.

Finalmente, constatamos a dificultade para que normas moi elementais de educación respéctense sen un control estrito. Permanecer sentados na aula entre clases, gardar o maior silencio posible nos tránsitos, non tirar papeis ao chan no patio ou nas escaleiras, non berrar ou empurrarse nas subidas e baixadas... Cremos que no noso centro esta é a principal batalla disciplinaria, pois xera a miúdo unha sensación de caos, de pouco centrado, que entorpece a concentración e o desenvolvemento harmónico das clases.

1.3. ACCIONES CORRECTORAS EMPREGADAS E OS SEUS RESULTADOS.

INFANTIL

Nesta etapa as accións correctoras empregadas baséanse, sobre todo, no traballo diario co alumnado, realizado pola titora e tamén no traballo coas familias, xa que na etapa infantil temos un contacto diario e directo con elas.

Non se describen incidentes importantes, xa que os acordos tomados vanse levando a cabo sen problemas destacados. Os pequenos fracasos dependen máis do non saber facer que da vontade das familias.

PRIMARIA

As medidas correctoras máis utilizadas son as seguintes:

- Amoestacións verbais en entrevistas individuais cos alumnos. A boa acción titorial e o seguimento do alumnado evita, ou canto menos mitiga, as situacións de conflito na aula.
- Cando a situación así o requiría mantense entrevistas coas familias. Nalgúns casos coa presenza do titor e do xefe de estudos.
- Permanencia na clase durante o recreo ou fóra do horario escolar.
- Notificacións por escrito informando ás familias da situación e das medidas adoptadas polo centro ante casos de alteración da convivencia.
- Non permitir a participación en actividades complementarias.

SECUNDARIA

Habitualmente percorremos todo o espectro de posibilidades correctoras, empezando polo diálogo e chegando á expulsión a casa por períodos de tres días. Polo de agora non tivemos que abrir expedientes disciplinarios. Fixéronse protocolos de actuación en casos concretos para evitar a disonancia entre o profesorado, sendo así igual de rigurosos nas correccións e nas sancións propostas. A maiores existen uns partes que teñen que vir firmados de casa no caso de que se produza calquera tipo de incidencia en canto o comportamento se refire.

2. Os Obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
6. Impulsar programas de prevención da conflitividade e da violencia no noso centro, promovendo a posta en práctica de accións educativas que redunden na mellora do clima escolar.
7. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
8. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
9. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
10. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.
11. Tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica.

12. Fomentar a resiliencia. Non ver o conflito unicamente como algo negativo, senón como unha oportunidade de crecemento persoal e/ou grupal, sempre e cando se saiba enfocar a solución dunha forma pedagóxica e positiva.

3. Descrición das actuacións.

Dentro deste apartado vaise facer a descrición das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras. Tamén vaise facer a concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas, ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

a. ACTUACIÓNS XERAIS

As accións han de ter un carácter sempre preventivo-formativo e non meramente punitivo. Trátase de conseguir que cada acción sexa en si mesma unha oportunidade de reflexión e aprendizaxe que conleve maduración emocional e un cambio de actitude en positivo.

As estratexias que se establezan para a mellora da convivencia deben desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo que inciden na convivencia. Moitas das accións que imos a enumerar a continuación poderían enmarcarse tanto dentro da formativas como nas preventivas.

A acción titorial como algo fundamental

Consideramos que a Acción Titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e por extensión á vida colexial do alumnado. A capacidade do titor/a para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula no que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influente na configuración das relacións personais e é o elemento clave sobre o que pivota o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A organización da aula, as estratexias de comunicación que se establecen con cada mestre, os vínculos relacionais, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

A xestión da aula

Debe ser un referente metodolóxico unificado e xeralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorias. Unha xestión da aula que fomente a aprendizaxe cooperativa, o reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado, que favoreza a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración, que cre un clima de confianza aceptando as suxerencias do alumnado, que rexeite as actividades grupais discriminatorias, favorecendo o compañeirismo, que fomente a participación en tarefas e responsabilidades do centro.

A Comisión de Convivencia

A Comisión de Convivencia de cada centro constituirase no seo do seu Consello Escolar e terá carácter consultivo, desempeñando as funcións por delegación do Consello Escolar.

Integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da Comunidade Educativa, estarán representados todos os sectores que existen no Consello Escolar e na mesma proporción que a súa representación. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e haberá un secretario que levantará acta das reunións. Será o director ou directora, a proposta dos colectivos, o que nomee as persoas integrantes, podendo coincidir coas persoas representantes no Consello Escolar.

Será no plan de convivencia onde se concreten o seu funcionamento, composición e desenvolvemento das funcións. Manterán tres reunións anuais, unha por trimestre, e con carácter extraordinario aquelas que considere a presidencia ou unha terceira parte dos seus membros.

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizalo, incorporando achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Garantir a coherencia entre a aplicación dunha medida ante un conflito determinado e a finalidade eminentemente educativa da mesma.
- Facer do Plan de Convivencia un documento vivo, “aberto a posibles rectificacións, ampliacións e modificacións...”.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

O Equipo Docente para a Convivencia.

O Equipo de Traballo para a Convivencia está integrado por docentes de todas as etapas do centro. Reúnense polo menos unha vez ao trimestre e a súa función é manter vivo o Plan para a Convivencia no que ten que ver coas accións e campañas colexiais. Ademais, estudarán progresivamente distintas cuestións vencelladas coa convivencia no centro (relación coas familias, avaliación de supostos casos de acoso, formación do profesorado...) para incorporar todas esas liñas de traballo ao Plan. Tamén son os últimos responsables do deseño e a execución do Día Escolar pola Paz e a Campaña en contra do acoso escolar e a prevención da violencia de xénero.

b. ACCIÓNS PREVENTIVAS.

Entendemos por accións preventivas aquelas que contribúen á creación dun ambiente relacional positivo. Baséanse, máis que na atención a contidos específicos vencellados coa convivencia, na intervención sobre o clima escolar. Terían como finalidade crear, por tanto, un entorno positivo, que en si mesmo actúe como elemento inhibitor das condutas disruptivas.

- Comunidade educativa: Organización de actividades colexiais das que sexan partícipes e protagonistas todos os sectores da comunidade educativa.
- Tutoría: Nas primeiras sesións de tutoría abordarase o tema das normas de convivencia para facer ao alumnado partícipe da súa elaboración e coñecedor das normas que van ter que cumprir para un correcto funcionamento da vida escolar. (Obx. 1, 2, 3)
- Tutoría: Potenciar, a través das asembleas de aula, situacións de participación e debate na que teñan que avaliar as súas actuacións persoais e como grupo, marcarse propostas de mellora e asumir compromisos. (Obx. 1, 3, 4, 5 e 6)
- Tutoría/Profesorado: Traballar co alumnado, na acción tutorial e, transversalmente, nas distintas áreas ou materias, a importancia das normas e a súa responsabilidade nos niveis de cumprimento das mesmas. (Obx. 3 e 6)
- Tutoría/Profesorado: Impulso de actividades complementarias, fóra da aula, nas que a ruptura da dinámica docente habitual contribúa á xeración de novas situacións de vida e novas formas de relación tanto entre iguais como entre iguais e docentes. (Obx. 1 e 10)
- Profesorado: Implicación dos diferentes departamentos e equipos no deseño de actividades que máis alá dos seus contidos específicos, integren sempre na súa xestión e execución os valores da convivencia. (Obx. 2 e 8)
- Profesorado: Cultivar a presenza activa e o acompañamento persoal por parte do profesorado e do titor/a nos diferentes momentos da vida colexial (recreos, saídas, actividades complementarias...) como xeito de traballar sobre o clima tanto de aula como de centro. (Obx. 1, 4, 5 e 6).

c. ACCIÓNS FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

As accións formativas e de sensibilización apelan xa directamente a valores de tipo convivencial. Mentras as accións preventivas eran aquelas que, indirectamente,

fortalecían un clima acorde cos nosos obxectivos, estas inclúen na súa formulación contidos explícitos na liña do noso plan.

- Dirección/Titoría: Sensibilizar ás familias sobre a necesidade e importancia de manter unha liña común de traballo co centro e o profesorado nas reunións de principio de curso e nas entrevistas persoais. (Obx. 2, 9)
- Dirección / Comisión para a Convivencia: Informar ao profesorado sobre os instrumentos e protocolos elaborados sobre todo o relativo a convivencia e clima escolar. Involucrar ao profesorado para que fagan un seguemento das distintas actividades propostas directa ou transversalmente na liña de favorecer a convivencia. Proporcionar, así mesmo, tempos e espazos de discusión, análise e elaboración de propostas. (Obx. 1)
- Comisión para a Convivencia: Accións encamiñadas á difusión do plan (Obx. 1, 2, 9 e 10)
- Informarase sobre o contido do Plan de convivencia ou sobre posibles actualizacións no claustro de profesores de principio de curso, entregando unha copia aos distintos coordinadores.
- Colocar exemplares do Plan de Convivencia nas distintas salas de profesores e despachos.
- Dalo a coñecer aos distintos grupos de alumnado do colexio, adaptándoo á súa capacidade e grao de madurez.
- Informacións ao profesorado sobre os instrumentos e protocolos sobre resolución de conflitos e compromisos de convivencia.
- Informar ao Consello Escolar do contido do Plan.
- Departamento de Orientación / Titoría: No PAT, nos seus diferentes programas, están recollidas diversas dinámicas e estratexias para fomentar o desenvolvemento das habilidades sociais, a autoestima, a asertividade e a empatía co outro, de xeito que as relacións entre o alumnado se baseen na valoración das diferenzas interpersoais como unha oportunidade de enriquecemento, aceptación do outro como igual e non en esquemas xerárquicos de poder. (Obx. 6, 11 e 12)
- Departamento de orientación/Titoría: Tamén é preciso que o PAT recolla unha serie de sesións formativas sobre igualdade de xénero para que o alumnado recoñeza as súas propias condutas sexistas, as implicacións negativas que teñen e como cambiar estes patróns de comportamento. (Obx. 4, 5 e 6)
- Comisión de TIC,s: Incluír na páxina Web do centro distintas orientacións, pautas sobre a mellora da convivencia escolar. (Obx. 2 e 9)
- Profesorado: Crear e incluír nos currículos algunhas dinámicas de traballo cooperativo. (Obx. 6 e 11).

d. ACCIÓNS DE INTERVENCIÓN

Chamamos accións de intervención as que intentan xestionar un conflito. As preventivas e as de sensibilización e formación pretenden conseguir que estas últimas apenas se produzan, pero, en caso contrario, debemos habilitar unha serie de procedementos para reconducir as situacións de alteración da convivencia. No caso de fracasar as accións preventivas e formativas aplicaranse as medidas estipuladas no RRI tentando sempre darlles un carácter formativo e presentándoas como unha oportunidade para a reflexión e iniciación dun proceso de cambio actitudinal.

Dentro do modelo integrado de convivencia que pretendemos desenvolver no centro priorizarase a resolución de conflitos mediante o diálogo e a negociación. Por elo, a implicación do titor/a e do Departamento de Orientación é imprescindible. Nun 1º nivel de intervención estaría a acción tutorial .

No caso do alumnado de EP, a acción tutorial (entrevista co alumnado en cuestión, coas familias...) serán os que mellor poderán orientar a estratexia de resolución de posibles conflitos. Implicarase ás familias no traballo corrector de actitudes negativas para a convivencia pactando medidas correctoras nos caso que considere necesario que vaian na mesma liña do plan de actuación que se decida no centro.

O Departamento de Orientación xoga un papel fundamental e debe intervir suxerindo medidas, plans de actuación e seguimento dos casos máis problemáticos.

- Titoría- Departamento de Orientación - Xefatura de estudos: Seguimento do alumnado con problemas de disciplina e/ou aprendizaxe. (Obx. 4 e 5)
- Profesorado: Coñecemento, divulgación e coidado do cumprimento das normas básicas de comportamento no centro. (Obx. 1, 9 e 11)
- Profesorado: Aplicación do NOF, segundo a adaptación práctica realizada do mesmo para a corrección das medidas disruptivas. (Obx. 1, 4, 5 e 11)
- Profesorado/Titoría/Xefatura de estudos: seguimento dos partes na plataforma do colexio, segundo o procedemento establecido. (Obx. 1, 4, 5 e 11).

4. AULA DE CONVIVENCIA: ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Dentro dos programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras, crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica que busquen reincorporar ao alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.(artigo 19.3 Lei 4/2011). A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais e nais, titores ou titoras, se fose menor non emancipado/a.

A AC será xestionada por Xefatura de estudos que organizará a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese do dereito de asistencia á determinadas clases así como levar un rexistro co fin de manter informada á Comisión de Convivencia do centro.O profesorado asignado á Aula, realizará esta labor nas súas horas de Garda. . A aula de convivencia está situada nun espazo adecuado, que en este caso é a sala de profesores, cuns materiais imprescindibles, fichas de recollida de datos, fichas de reflexión e cartafoles onde se recollen as incidencias por grupos.

Obxectivos

- Contribuir a Mellorar o clima de convivencia do Centro.
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos de maneira pacífica, reflexiva, dialogada e transformadora.
- Participar no proceso educativo con principios solidarios.

Cando o alumnado sancionado permanece na aula de convivencia haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, polo tanto, cada profesor de materia, é o responsable de encomendarlle ese traballo e poñelo ao día das tarefas feitas na sesión ou sesións nas que dito alumno estea ausente. O alumno ou alumna delegado da clase tamén poderá transmitir isto por encomendación do profesorado.

A Aula estará coordinada con outras instancias do Centro:

Orientación: Trasladaranse alí os casos que se consideren susceptibles de intervención psicolóxica ou ben aqueles que, polas súas características ou reiteracións, puideran asistir a Talleres paliativos-preventivos (Habilidades Sociais, Relaxación, Técnicas de Estudos, Orientación Laboral, etc.) Estableceranse os medios para abordar o problema do Acoso entre iguais.

Comisión de Convivencia: A Directora informará á Comisión, coa frecuencia que as condutas esixan, dos casos tratados e do alumnado implicado. dos casos atendidos na aula.

Titorías: O titor ou titora estará sempre informado do acontecido e deberá facer un seguimento de atención ao alumnado implicado e á súa familia.

A NORMA NO PROCESO EDUCATIVO

No terreo educativo, as normas son importantes, pero deben cumprir cinco condicións:

1. Deben ser claras.
2. Deben ser concretas.
3. Deben ser realizables.
4. Deben ser acordadas.
5. Deben ser poucas.

O problema está en que pasa cando se quebrantan as normas.
Hai tres posibles vías de afrontalo:

1. Sanción: Non sempre é eficaz ou pedagóxica. Soluciona o presente, pero hipotecando o futuro. Ademais, non adoita facer asumir a responsabilidade.
2. Impunidade: É menos eficaz e pedagóxica que a sanción. Podes pasar por encima das normas e de todo. Educa no egoísmo e no desprezo polos demais.

3. Ou tres R:

a. Recoñecemento do dano causado.

b. Responsabilidade do dano causado.

c. Reparación do dano causado. É importante que se repare o dano feito, pedir disculpas e recoñecer, reparar os danos materiais, e asumir a sanción como parte do proceso.

5. O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2.1 O acoso e o ciberacoso escolar

2.1.1 Definición

» **Acoso escolar:**

Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar¹.

» **Ciberacoso escolar:**

Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír adifusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, entre outros comportamentos.

Moitas das accións vinculadas ao ciberacoso, sempre que sexan cometidas coa intención de acosar directamente a vítima ou de incentivar o acoso por parte doutras persoas, poden ser consideradas delitos. Algúns exemplos son os seguintes:

- » Publicación de imaxes comprometidas ou de datos delicados.
- » Creación de perfís falsos.
- » Alta da vítima en servizos en liña.
- » Obtención das claves persoais suplantando a identidade da vítima.
- » Roubo de sesións abertas en equipamentos compartidos.
- » Creación ou publicación de información ou imaxes de carácter vexatorio a través da intelixencia artificial.

2.1.2 Características

O acoso e o ciberacoso escolar presentan unhas determinadas características que servirán como indicadores para os diferenciar e os identificar correctamente.

Cómpre ter en consideración que, en tanto que nalgunhas ocasións é sinxelo determinar a existencia de acoso ou ciberacoso escolar, noutras, a liña que separa estas situacións das que non o son é difusa e difícil de definir con precisión. Non sempre a aparición de certas características propias do acoso ou do ciberacoso escolar aseguran que algún destes se estea a producir.

Por iso, para determinar se hai ou non acoso ou ciberacoso escolar cómpre analizar globalmente as circunstancias de cada caso, as repercusións da problemática creada para as persoas implicadas e a súa evolución no tempo, para poder emitir un xuízo de valor concluínte e fundamentado respecto da existencia ou non de acoso.

Deseguido, descríbense algunhas das súas posibles características, sendo a **continuidade no tempo** unha condición indispensable para ser considerado acoso ou ciberacoso escolar:

- » **Desigualdade.** Desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico e/ou social, incluíndo o derivado do dominio das TRIC, entre a vítima e a persoa acosadora, de xeito que a vítima non sexa quen de defenderse.
- » **Intencionalidade.** Exprésase na intención consciente de facer dano (físico, verbal ou psicolóxico) a unha persoa co obxectivo de convertela en vítima. Non se trata dun descoido nin dun acto fortuíto.



- » **Personalización.** Os ataques prodúcense cara a unha mesma persoa, que é colocada desta forma nunha situación de indefensión.

- » **Repetición.** A vítima recibe de forma continuada e sistemática ataques de diferente tipo, desde unha ou varias fronte e durante un tempo continuado. A importancia da frecuencia da agresión para definir a existencia de acoso é resaltada por moitos estudos e investigacións existentes. Isto é debido a que a repetición e a frecuencia están na base da definición de acoso.

No caso do ciberacoso, unha soa mensaxe ou imaxe difundida a través de redes sociais pode ter un efecto multiplicador que converte unha única intervención nunha agresión repetida no tempo. A súa rápida difusión provoca unha maior vulnerabilidade nas vítimas.

- » **Indefensión.** A reacción típica da persoa agredida é non dicir nada. Tamén hai unha indefensión allea, ao non atopar ningunha axuda do grupo para saír da situación.

- » **Humillación.** Perséguese que a vítima quede humillada e danada a súa posición grupal.

- » **Rexeitamento.** As accións realizadas non son aceptadas pola vítima, pese a que o agresor ou a agresora as describan como unha broma ou un xogo.

- » **Invisibilidade.** As accións calcúlanse para se realizar en espazos -físicos ou virtuais- pouco frecuentados polas persoas adultas e en tempos escolares con menor supervisión.

- » **Inhibición das persoas observadoras.** As situacións de acoso normalmente son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen suficientemente para que cese a agresión. A vítima está soa fronte a quen a agrede, e poucas ou ningunha das persoas observadoras a apoian ou a defenden.

2.1.3 Tipos

- » **Acoso físico:** pode ser directo (sobre a propia vítima: golpes, empurróns, beliscos etc.) ou indirecto (danos ás súas propiedades ou a outras persoas próximas a ela -irmáns ou irmás de menor idade, por exemplo-).
- » **Acoso verbal:** pode ser directo (insultos, alcumes, ofensas, berros, burlas, humillacións etc.) ou indirecto (difusión de rumores negativos, discriminación etc.).
- » **Acoso psicológico:** ameazas, intimidación, manipulación, chantaxe ou extorsión. Este tipo de acoso tamén abrangue a exclusión social, a través da cal se impide a participación e/ou a inclusión da vítima, ou se ignora a súa presenza no grupo.
- » **Acoso sexual:** calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicológico.

Nalgunhas ocasións, un mesmo caso comprende características de máis dun tipo de acoso escolar dos definidos anteriormente.

2.2 Outros conceptos

- » **Asertividade:** habilidade para expresar de xeito claro e directo as propias opinións, sentimentos, necesidades ou desexos, sen agredir nin faltar ao respecto a outras persoas. Permite defender os dereitos propios sen vulnerar os dereitos das demais persoas, mantendo unha comunicación respectuosa.
- » **Autolesión:** conduta lesiva autoinflixida que pode ter ou non intención suicida. Adoita ter por finalidade o alivio da dor emocional ou mental.
- » **Absentismo escolar:** falta de asistencia regular á clase por parte do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.
- » **Desequilibrio de poder:** situación en que unha persoa ten máis poder, control e/ou influencia que outra nunha determinada relación interpersoal.

» **Estrés emocional:** resposta psicolóxica e física que experimenta unha persoa cando se enfronta a situacións ou eventos que percibe como desafiante, ameazante ou opresivo desde o punto de vista emocional. Trátase dunha reacción natural ante situacións que xeran tensión, ansiedade ou presión emocional, e pode manifestarse a través de síntomas físicos (dor de cabeza, tensión muscular, trastornos do sono ou do apetito, problemas dixestivos etc.) ou síntomas psicolóxicos (tristura, ansiedade, irritabilidade, dificultade para se concentrar ou cambios no estado de ánimo).

.....

» **Estrés postraumático:** trastorno mental que se pode desenvolver despois de experimentar unha situación traumática. Os síntomas son múltiples e entre eles inclúense: reviviscencia ou flashback (revivir a experiencia de xeito intenso como se estivese a repetirse), soños e recordos intrusivos, evitación de estímulos relacionados co trauma, alteracións cognitivas e emocionais (pensamentos negativos, medo, culpa, ira, vergoña, irritabilidade, insomnio etc.), entre outras alteracións.

.....

» **Exclusión social:** proceso en que un individuo é involuntariamente marxinado do grupo ou da sociedade por discriminación ou estigmatización, impedindo a súa participación plena.

.....

» **Equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar):** equipo encargado de levar adiante as medidas establecidas no presente protocolo no referente á detección e á intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar. Deixarase constancia da súa constitución para cada intervención a través do *Anexo 2. Constitución do equipo ACAE*



Equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar)



Anexo 2. Constitución do equipo ACAE

» **Illamento social:** falta de interacción social ou de vínculos significativos con outras persoas, tanto por elección persoal como debido a circunstancias externas.

.....

» **Intervención ACAE:** fase do protocolo na que o equipo ACAE establece as actuacións para levar a cabo en cada caso.



Intervención ACAE

- » **Maltrato entre iguais:** conduta violenta ou agresiva entre compañeiros e compañeiras de idades e nivel socioeducativo similares.
- » **Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar:** espazo físico e virtual onde calquera persoa coñecedora dunha situación de posible acoso poderá comunicalo.



Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar

- » **Sondaxe ACAE:** ferramenta que permite a detección de posibles conflitos en cada centro educativo, coa finalidade de prever futuras situacións de acoso ou ciberacoso escolar
- » **TRIC (tecnoloxías da relación, a información e a comunicación):** conxunto de ferramentas, recursos, dispositivos e aplicacións empregadas para procesar, almacenar, transmitir e compartir información a través de medios electrónicos e dixitais.



Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia

2.3 Persoas implicadas

» As vítimas

As vítimas de acoso ou ciberacoso escolar son as persoas que sofren as consecuencias da situación de maltrato por parte dunha ou de varias persoas agresoras. A súa actitude pode ser activa -tratando de se enfrontar á persoa ou ás persoas acosadoras- ou pasiva -reaccionando de xeito submisa ante a situación de acoso-.

Ao contrario do que se adoita pensar, as vítimas non responden a un padrón único de personalidade, senón que as súas características poden ser múltiples. É dicir, calquera alumno ou alumna pode ser vítima de acoso ou ciberacoso escolar nalgún momento da súa vida, e pensar o contrario podería dificultar a detección do problema.



» As persoas acosadoras

Son as responsables de actos que abranguen o acoso ou o ciberacoso escolar, de acordo coas definicións e coas características descritas en epígrafes anteriores.

Pódense clasificar en:



ACTIVAS

Intimidan directamente a vítima, iniciando as condutas de acoso.



PASIVAS

Participan apoiando ou animando a principal persoa acosadora.



SOCIAIS

No caso do ciberacoso, non atacan directamente nas redes sociais pero instigan os seus seguidores a que o fagan.



VÍTIMAS

Perfil de persoas acosadas que, pola súa vez, son acosadoras doutras máis vulnerables.

Malia terse considerado tradicionalmente que as persoas acosadoras respondían a un perfil estereotipado -caracterizado pola falta de empatía e actitudes agresivas e/ou impulsivas-, non todas responden a este padrón; é dicir, calquera alumno ou alumna pode ser responsable de situacións de acoso ou ciberacoso escolar.

» As persoas espectadoras

Son todas as persoas da comunidade educativa que actúan como testemuñas da situación de acoso. Poden ser compañeiros e compañeiras da vítima ou formar parte do profesorado, do persoal non docente ou das familias.

Pódense clasificar en:



→ **Espectador/a defensor/a, a favor da vítima.** Dá a cara, trata de defender a vítima e informa da situación de acoso ou ciberacoso.

→ **Espectador/a neutro/a ou imparcial.** Non toma partido pero ten coñecemento do acoso á vítima.

As actuacións coas persoas espectadoras deben ir encamiñadas a destacar a importancia do seu labor, facilitando a comunicación para que poidan romper esa especie de “lei do silencio” que tanto dano xera na persoa agredida e na conciencia moral das testemuñas mudas do acoso. Ademais, cómpre sinalar que a ausencia de denuncia implica unha responsabilidade indirecta sobre a perpetuación da situación. Xa que logo, é imprescindible dirixir as actuacións das testemuñas cara ao rexeitamento e a denuncia dos feitos, así como cara ao apoio ás vítimas, converténdose en axentes activos contra o acoso e o ciberacoso escolar.

2.4 Consecuencias

As consecuencias do acoso e do ciberacoso escolar alcanzan todas as partes que interveñen neste tipo de situacións: vítimas, persoas acosadoras, persoas espectadoras e outras do entorno (familias, comunidade educativa etc.). A seguir, descríbense algunhas das posibles consecuencias para cada unha das partes implicadas.

» Consecuencias para as persoas acosadoras

As situacións de acoso e ciberacoso escolar son consideradas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro, polo que, en aplicación do recollido no artigo 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, serán sancionadas con medidas correctoras entre as que se lles dará prioridade ás seguintes:



Suspensión temporal do
dereito de asistencia ao centro
por un período de ata un mes



Cambio de grupo




Cambio de centro


Estas medidas aplicaranse logo da tramitación do correspondente procedemento corrector común regulado no capítulo IV do citado Decreto.

Tal e como se recolle no presente protocolo, as persoas que participen instigando, apoiando ou animando as situacións de acoso ou ciberacoso escolar son consideradas acosadoras, polo que serán sancionadas coas mesmas medidas correctoras sinaladas no parágrafo anterior.

Outras das consecuencias para as persoas acosadoras poden ser as seguintes:




» Consecuencias para as vítimas



Protocolo de prevención e actuación ante risco suicida infanto-xuvenil

» Consecuencias para as persoas espectadoras



1.1. Sinais de alarma

A detección e a intervención nas situacións de acoso ou ciberacoso escolar resultan clave para evitar as consecuencias sobre as partes implicadas. Non obstante, unhas das principais dificultades para abordar este problema é a detección temperá.

Na maioría das ocasións, o acoso prodúcese en espazos privados, lonxe das persoas adultas, de xeito sutil e disimulado ou a través da rede, dificultando así a súa identificación. Ademais, as vítimas adoitan ter medo de denunciar a situación que están a sufrir; ben por temor ás represalias ou ben por sentir vergoña polo ocorrido. Todo isto provoca que o acoso se prolongue no tempo, o que agrava as súas consecuencias.

É por este motivo que ante os primeiros sinais de acoso se debe actuar de inmediato para diagnosticar a situación e levar adiante as medidas pertinentes en cada caso.

» Sinais de alarma nas vítimas

→ **Cambios no estado de ánimo:** tristura, mutismo, introversión, ansiedade, irritabilidade, agresividade etc.

→ **Síntomas somáticos:** malestar ás mañás, mareos, dores de cabeza, alteracións dixestivas, presión no peito, tremores, palpitacións etc.

→ **Evidencias físicas de acoso:** lesións, estragos nas súas propiedades, extravío inxustificado de obxectos persoais, material ou tarefas etc.

→ **Deterioro das habilidades sociais,** sinaladamente das asertivas ou de defensa dos dereitos e dos intereses propios.

→ **Problemas de atención e/ou concentración.** Descenso do rendemento escolar.

→ **Falta de interese ou negativa a asistir ao centro educativo.** Incremento das faltas de asistencia. Absentismo escolar.

→ **Comportamentos característicos** como referir malestar de xeito periódico, saír tarde ao tempo de lecer e volver axiña á aula, así como preferir a compañía



de persoas adultas.

→ **Falta de motivación á hora de realizar actividades cotiás.**

Abandono deafeccións. Illamento social parcial ou total.

→ **Alteracións do apetito ou do sono.** Autolesións.

→ **Cambio de hábitos na rede:** excederse ou evitar a conexión a internet e ás redessociais; amosar ansiedade cando se está conectado/a etc.

→ **Sensación de malestar e/ou cambios de humor repentinos** cando se reciben mensaxes ou notificacións a través de medios dixitais.

→ **Reticencia a falar** do que ocorre na rede.

→ **Medo ou ansiedade** ante a idea de que os seus perfís dixitais sexan revisados.

→ **Rexeitamento a tratar temas relacionados** co acoso ou o ciberacoso escolar.

» Sinais de alarma nas persoas acosadoras

→ **Negativa cara á relación** ou cara ao traballo con algún compañeiro ou algunha compañeira.

→ **Actitudes de hostilidade**, abuso de poder ou faltas de respecto cara a algún compañeiro ou algunha compañeira.

→ **Xustificación de actitudes violentas** ou situacións de acoso ou ciberacoso alleas.

→ **Uso excesivo das TRIC** e exaltación de emocións negativas cando se está en liña.

→ **Carencia de normas na rede e de supervisión** por parte de persoas adultas.

→ **Xustificación da violencia** a través de Internet.

→ **Condutas delitivas na rede:** uso non autorizado de contas doutras persoas, creación de perfís falsos, suplantación de identidade etc.

→ **Antecedentes de agresións** ou doutros tipos de acoso.



1.2. Falsos mitos

O acoso e o ciberacoso escolar están asociados a moitas ideas erróneas, que dificultan a prevención, a detección e a intervención ante un posible caso.

O feito de que exista desde hai tempo non xustifica que se ignore ou que se adopten posturas pasivas. Ocultar ou desculpar as accións de maltrato entre iguais fará sentir ás vítimas que non existe ningunha solución, chegando mesmo a pensar que elas mesmas constitúen a causa do problema.


A seguir, achéganse os argumentos que tratan de derrubar algúns dos mitos máis frecuentes:

“Son bromas” ou “son cousas de nenos/as”

- Moitas veces o maltrato comeza cunha broma pesada que pode converterse nunha situación continuada e de graves consecuencias, tanto para a vítima como para a persoa agresora e as espectadoras. Só se pode considerar unha broma cando todas as persoas implicadas se divirten con ela.

“Está de moda falar diso” ou “hoxe calquera cousa é acoso”

- Malia ter maior visibilidade hoxe en día, o acoso escolar sempre existiu. Non obstante, para o abordar con eficacia cómpre prestarlle atención e diferencialo doutros posibles conflitos entre iguais.
- Os casos máis alarmantes a nivel público e os que tiveron un desenlace fatal fixeron que hoxe en día exista maior conciencia e preocupación arredor deste tema. É por iso que o acoso e o ciberacoso escolar deben considerarse de extrema importancia e abordarse a través de estratexias diversas adaptadas



“Fai as vítimas máis fortes”

- Este mito é un dos máis perigosos porque implica non só non actuar contra o acoso, senón tamén consideralo positivo. Deixar que a vítima afronte soa o acoso dun compañeiro ou dunha compañeira non reforza a súa independencia nin a súa autonomía, senón que incrementa a súa frustración e a súa inseguridade. Deste xeito, a sensación de indefensión das vítimas pode ter graves consecuencias para elas, chegando mesmo a adoptar condutas suicidas.

O peor son as agresións físicas” ou “se non hai agresión física, non existe acoso”

- As agresións máis frecuentes nos centros educativos son as verbais, tanto de xeito directo como a través da rede (insultos, alcumes, desprezos etc.). O acoso psicolóxico ou emocional tende a ser máis nocivo que o físico e, ademais, é máis difícil de detectar por mor do silencio da vítima.

“Só se dá dentro da escola”

- O acoso e o ciberacoso escolar, ademais de se produciren no propio centro educativo en horario lectivo, pódense dar noutros lugares: no comedor, no transporte escolar, durante as actividades complementarias ou
- O ciberacoso esténdese a todos os ámbitos da vida da vítima, tanto nos relacionados coa escola como noutros diferentes. É por iso que afecta directa e diariamente á súa vida persoal, e non existe un lugar seguro onde refuxiarse

“O ciberacoso non é para tanto” ou “o ciberacoso non ten que ver co centro”

- No ciberacoso o número de agresións pódese multiplicar de xeito incontrolable e estenderse alén do ambiente escolar. Este constitúe o tipo de acoso máis frecuente hoxe en día e, debido ás súas particularidades, presenta un impacto extremadamente negativo nas vítimas, xa que están potencialmente expostas á agresión durante as 24 horas do día. É fundamental a intervención desde os centros para erradicar este tipo de violencia.

“A vítima ou o grupo sempre avisan. É doado de recoñecer”

- Nas situacións de acoso ou ciberacoso escolar adoita imperar a “lei do silencio”: a vítima non denuncia por medo ás repercusións, por non preocupar a familia ou porque se sente responsable da situación que está a vivir; o grupo tampouco o fai por temor ás represalias por parte da persoa agresora, por medo a sufrir illamento ou a se converter en novas vítimas.

Ningún tipo de acoso é aceptable en ningún momento da vida. Ignorar estas situacións contribúe a que se perpetúen no tempo e a que se agraven, provocando serias consecuencias sobre as persoas en idade escolar, tanto a curto como a longo prazo.

ACTUACIÓNS

3.1. Prevención nos centros

Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional

O desenvolvemento do Plan de Convivencia nunha comunidade educativa constitúe unha das principais medidas para previr os episodios de acoso e ciberacoso escolar entre o alumnado. Está constatado que a mellor prevención de calquera tipo de violencia nos centros educativos consiste en que as relacións da comunidade educativa se fundamenten nos dereitos e nos deberes de todas as persoas, no respecto á dignidade, en criterios educativos e integradores que promovan condutas prosociais e no uso do diálogo para a abordaxe dos conflitos, aspectos todos eles que constitúen o núcleo dos plans de convivencia.

A aparición e o desenvolvemento de condutas e accións que poidan considerarse violentas ou de acoso non responde a unha única causa, e por iso deben previr-se desde todos os sectores da comunidade escolar. O traballo de prevención esixe o compromiso de todas as persoas vinculadas ao centro educativo e debe ser liderado polo equipo directivo no marco do Plan de Convivencia.

Entre as medidas preventivas salientáanse as de carácter xeral, que van orientadas sobre todo á mellora xeral da convivencia do centro; as formativas e informativas, dirixidas á formación e á información de todas as persoas integrantes da comunidade educativa; as organizativas, que facilitan a convivencia no centro; e as de aula, que normalmente se aplican a nivel de grupo clase ou de xeito individual, a través da tutoría individual, e que teñen por obxecto formar persoas críticas, responsables e comprometidas na construción de relacións persoais e sociais xustas, igualitarias e solidarias.



1. Medidas xerais

As medidas que poden favorecer a sensibilización e a implicación de toda a comunidade educativa na prevención do acoso e do ciberacoso escolar son as seguintes:

- » **Creación da comisión de convivencia** no seo do Consello Escolar (artigo 6 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro).



- » **Actualización do Plan de Convivencia** (capítulo II do citado decreto).
 - » **Adecuación do Plan de Acción Titorial**, que poderá incluír accións de prevención do acoso e do ciberacoso escolar.
 - » **Optimización dos órganos colexiados:** Consello Escolar, Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
 - » **Promoción da participación dos distintos sectores da comunidade educativa na actualización das NOFC**, que inclúen a normativa do centro e a regulación das formas mediante as que se garante o exercicio dos dereitos do alumnado, así como o cumprimento dos deberes.
- Configuración de estruturas organizativas e directivas** que apoién e reforcen a acción do profesorado ante as complexas demandas das situacións de acoso ou ciberacoso escolar.
- » **Desenvolvemento de actuacións preventivas** no marco de:
 - Plan de acollemento.
 - Plan de atención á diversidade.
 - Actividades complementarias e extraescolares.

2. Medidas formativas e informativas

- » Fomento da participación de todo o profesorado do centro nos **plans anuais de formación permanente do profesorado** relacionados coa **convivencia e resolución de conflitos** e orientados a contribuír ao desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.

Formación que permita, entre outras cuestións, identificar as situacións que se poidan producir nos centros: condutas disruptivas, conflitos entre iguais, violencia física ou psicolóxica, acoso ou ciberacoso escolar, vandalismo, violencia por razón de xénero etc. Esta formación debe ir encamiñada a que o profesorado teña un papel proactivo na mellora da convivencia, na prevención da violencia entre iguais e, de maneira máis específica, na erradicación do acoso e do ciberacoso escolar.

- » **Sesións formativas relacionadas coa prevención, a detección e a intervención en situacións de acoso e ciberacoso escolar** para outro persoal do centro: persoal de administración e servizos (PAS), persoal auxiliar coidador (PAC), persoal do servizo de comedor e transporte escolar etc.

» Promoción de **encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa**, orientados á construción dunha convivencia positiva que contribúa ao logro do benestar persoal e á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe: reunións coa asociación de nais e pais (ANPA), de tutoría, escola de nais e pais (ENAPAS), reunións de alumnado delegado etc.

» Creación dunha **sección específica na páxina web do centro con recursos, ligazóns e documentos** para as familias, así como a organización de charlas informativas destinadas a informar e a sensibilizar sobre o tema.

Realización de **campañas de sensibilización contra o acoso e o ciberacoso escolar** dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e preparen para detectalo, para reaccionar e para intervir fronte a el.

» Divulgación de **orientacións básicas sobre o acoso e ciberacoso escolar** e a súa prevención entre o profesorado, o alumnado, o persoal non docente e as familias.

» **Actuacións de información, formación e sensibilización a todo o alumnado** dirixidas por:

→ Persoas titoras, durante a sesión semanal co alumnado.

→ Policía Nacional ou Garda Civil, a través das charlas ou os obradoiros que se imparten nos centros dentro do programa de Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas.

→ Persoas expertas en redes sociais.

3. Medidas organizativas

» Establecemento de criterios de **designación de persoas titoras**.

» Implantación de criterios de **agrupamento de alumnado**.

» Fixación de **mecanismos de coordinación** entre etapas educativas.

» **Mellora do ecosistema da escola**, creando zonas máis atractivas de lecer, mellorando os espazos de recreo, organizando grupos de xogo dirixido polo alumnado, favorecendo a idea de pertenza ao centro e a sensación de seguridade.

» Creación de **canles para informar das situacións de acoso e ciberacoso escolar con garantía de confidencialidade**: caixa de socorro, taboleiro de denuncias e queixas,

correos electrónicos de axuda, web de centro, Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar etc.

» **Constitución do equipo ACAE.**



Constitución do equipo ACAE

Fomento de constitución de grupos de alumnado colaborador co equipo ACAE:
trátase dun aspecto fundamental na prevención e na solución de conflitos como medida preventiva do acoso e do ciberacoso escolar.

- » Introducción de **estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.**
- » Inclusión na planificación do **Plan de Acción Titorial** de aspectos relacionados co recoñecemento dos casos de acoso ou ciberacoso escolar, sobre como actuar ante o coñecemento de que algunha persoa da nosa contorna o estea a sufrir.
- » **Sinalización do Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar físico e virtual.**

4. Medidas educativas a nivel de aula

- » Promoción do uso de **ferramentas que permitan a detección de posibles situacións de acoso ou ciberacoso escolar** en cada centro educativo (sondaxe ACAE).



Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia

- » Emprego de **prácticas restaurativas**, como por exemplo os círculos de diálogo, para a xestión de conflitos.



Bibliografía

- » Impulso da **titoría individual e grupal** como espazo privilexiado para promover condutas prosociais e valores de convivencia que contribúan á integración de cada alumno e alumna no seu grupo de referencia, así como á mellora do clima e da cohesión.
- » Mantemento, por medio da **titoría individualizada**, dunha relación directa co alumnado, especialmente ante calquera indicio dun conflito.

- » Utilización das **sesións de tutoría e xuntas de avaliación** para detectar posibles situacións de acoso ou ciberacoso escolar entre o alumnado.

Fomento, a través da acción tutorial, dos **contactos periódicos coas familias** para compartir información e asegurar a mutua colaboración.

- » Elaboración, conxuntamente co alumnado, das **normas básicas de convivencia na aula**, coa finalidade de que sexan asumidas por todos e todas e se sintan corresponsables do seu cumprimento.
- » **Traballo en grupo das habilidades sociais e destrezas para a xestión de emocións** que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.

3.2 Intervención

A dirección do centro educativo e o denominado equipo ACAE serán as figuras encargadas de levar adiante todas as actuacións necesarias durante o proceso de intervención. Este equipo será constituído para cada unha das intervencións a través do *Anexo 2. Constitución do equipo ACAE*.



Anexo 2. Constitución do equipo ACAE

- » **A dirección do centro recibirá, en todo caso, a comunicación dos feitos.** Ademais, será quen realice as oportunas comunicacións a familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos, de ser o caso.
- » **O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos.** Este estará formado por un mínimo de tres membros do claustro, entre os cales sería aconsellable que se atopasen os seguintes:
 - Xefe/a do Departamento de Orientación.
 - Coordinador/a de benestar e convivencia.
 - Un/unha docente nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado, que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, recollido no artigo 30.2.c) da Lei 4/2011, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado.

En xeral, as **funcións deste equipo** serán as seguintes:

- » **Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias** no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.
.....
- » **Rexistro e comunicación dos feitos** ante a dirección do centro educativo.
.....
- » **Comprobación da veracidade** dos feitos comunicados.
.....
- » Determinación da existencia de **indicios de acoso**.
.....
- » Apertura, de ser o caso, dunha **investigación**.
.....
- » Adopción, de ser necesario, de **medidas inmediatas**.
.....
- » Elaboración do **ditame** derivado da investigación.
.....
- » **Apertura**, se procede, do **protocolo**.
.....
- » **Reunión coas persoas implicadas** en presenza da familia ou de representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
.....
- » **Pechamento**, cando proceda, **do protocolo**.
.....
- » **Seguimento e avaliación** das medidas adoptadas.

Consonte o anterior, a intervención ante posibles casos de acoso ou ciberacoso escolar abrangue varias fases, para as cales se propón, ademais, unha serie de anexos que faciliten aos centros educativos as actuacións no desenvolvemento deste protocolo.

Cómpre lembrar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla en cada fase do protocolo terá carácter confidencial, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN



[Anexo 1. Rexistro de comunicación dos feitos](#)



[Anexo 2. Constitución do equipo ACAE](#)



[Anexo 3. Primeira valoración dos feitos comunicados](#)



FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME



[Anexo 4. Investigación e](#)



[Anexo 4.1. Entrevista coas persoas](#)



[Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante](#)



[Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á](#)



FASE 3. APERTURA DO PROTOCOLO



[Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar](#)



[Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais](#)



FASE 4. PECHAMENTO DO PROTOCOLO



[Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar](#)



FASE 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS



[Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas](#)

No caso de que a conduta que orixina esta intervención sexa considerada gravemente prexudicial para a convivencia, os prazos axustaranse aos que a normativa impón para instruír un procedemento corrector, co obxecto de garantir unha resposta educativa e formativa eficaz e o máis rápida posible, implicando a inmediatez das actuacións previstas neste protocolo.



FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

FASE 1.1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS

Calquera membro da comunidade educativa ou calquera persoa coñecedora

dunha posiblesituación de acoso deberá informar o equipo directivo do centro o antes posible. Así, o coñecemento dun posible caso de acoso ou ciberacoso escolar pode provir das seguintesfontes:

- » Alumnado.
- » Persoal docente e non docente.
- » Familias ou representantes legais.
- » Inspección educativa.
- » Fiscalía de menores.
- » Forzas e corpos de seguridade.
- » Outros axentes (persoas relacionadas coas actividades extraescolares ou deportivas, outros membros do barrio etc.).
- » Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar físico ou virtual.
- » Equipo ACAE.

Para o rexistro da comunicación dos feitos empregarase o *Anexo 1. Rexistro de comunicación dos feitos*, que debe ser cuberto e asinado pola dirección do centro.



Anexo 1. Rexistro de comunicación dos feitos

FASE 1.2. PRIMEIRA VALORACIÓN DOS FEITOS

O antes posible, a dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información para realizar unha primeira valoración dos feitos. Da constitución deste equipo quedará rexistroa través do *Anexo 2. Constitución do equipo ACAE*, e o resultado da valoración recollerase no *Anexo 3. Primeira valoración dos feitos comunicados*, que será cuberto e asinado polos membros do equipo e entregado á dirección do centro.



Anexo 2. Constitución do equipo ACAE

- a. Se o equipo ACAE non aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar e **non determina a necesidade de apertura dunha investigación**, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo o regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

- b. Se o equipo ACAE aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar, **determinarase a necesidade de apertura dunha investigación**.



FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME

FASE 2.1. INVESTIGACIÓN

Despois de concluír que os feitos comunicados conteñen indicios de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE procederá a iniciar unha investigación, da cal quedará constancia a través do *Anexo 4. Investigación e ditame*.



Anexo 4. Investigación e ditame

Trátase dun proceso confidencial que ten como obxectivo confirmar ou descartar a necesidade de apertura do Protocolo de Acoso e Ciberacoso Escolar. Todas as actuacións realizadas deberán ser recollidas documentalmente a través do anexo citado no parágrafo anterior.

O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación será o seguinte:

- » Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor etc.), co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súas interaccións, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións etc.

- » Realización das entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas, como mínimo as seguintes



Anexo 4.1. Entrevista coas persoas implicadas

- Posibles vítimas.
- Posibles persoas acosadoras.
- Persoas espectadoras.
- Persoa que informa dos feitos (de ser o caso).

Estas entrevistas serán realizadas por un ou dous membros do equipo ACAE, co obxectivo de obter información desde todas as perspectivas. A persoa designada do equipo ACAE deberá ser especialmente coidadosa e amosar unha actitude receptiva e obxectiva durante todo o proceso, así como manter a confidencialidade da información recollida.

Débese iniciar cada entrevista con preguntas xenéricas, abertas, de forma indirecta, de xeito que a persoa entrevistada se relaxe, e establecer un ambiente distendido, e logo centrar a entrevista nos supostos feitos e gañar a confianza da persoa interlocutora. Rematarase amosando unha actitude tranquilizadora.

Ademais, no caso das posibles vítimas, tratarase de ofrecer apoio e protección. Non se debe revitimizar, xulgar nin minimizar os feitos. Terase en conta que as vítimas poden non querer falar, polo que se debe facilitar a comunicación respectando os seus tempos e espazos, deixando que se expresen e aproximándose a elas de xeito empático.

Algunhas consideracións:

» Nesta fase de investigación non é obrigatorio informar as familias nin as persoas representantes legais. Porén, se o equipo ACAE considera oportuna a súa participación, poderá facelo e terá que rexistralo documentalmente.

» A partir desta fase, cando se produce a apertura do protocolo, as comunicacións e citacións ás familias ou representantes legais son obrigatorias no caso de persoas implicadas menores de idade non emancipadas.

» As persoas implicadas poderán contar cunha persoa do centro da súa confianza para realizar o acompañamento durante a entrevista, deixando

constancia desta situación através do *Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista*.



Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista

- » Recoméndase que as persoas implicadas na presumible situación de acoso ou ciberacoso escolar custodien todas as posibles probas físicas ou dixitais ata o final do procedemento.

Medidas inmediatas:

Paralelamente á investigación -ou antes, se a situación así o require-, poderanse establecer medidas inmediatas:

- Vixilancia por parte do equipo ACAE nos lugares onde teña lugar o suposto acoso.
- Acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza.
- Seguimento diario polo/a docente de confianza da posible vítima.
- Separación das persoas implicadas nos lugares de uso común.

FASE 2.2. DITAME

Concluída a investigación, o equipo de ACAE analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, que será rexistrada a través do citado *Anexo 4. Investigación e ditame*.



Anexo 4. Investigación e ditame

- » Se no ditame **SE DESCARTA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar**, o centro educativo dará o proceso por concluído e **non se iniciará o protocolo**. Así e todo, a dirección do centro informará a xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, segundo o regulado na Lei 4/2011, de 30 de xuño, e no

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos.

- » Se no ditame **SE CONFIRMA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar**, o equipo ACAE **iniciará o protocolo** e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, segundo sinala o artigo 46.1 do Decreto 8/2015.

Ao mesmo tempo, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do centro, deixando constancia disto a través do *Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima*.



Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima

Todas as intervencións realizadas polo equipo ACAE pasarán a formar parte do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.



FASE 3: APERTURA DO PROTOCOLO

FASE 3.1. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS E Á INSPECCIÓN EDUCATIVA

A dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión a través do *Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar*. Deste anexo enviarase unha copia á inspección educativa.



Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar

FASE 3.2. REUNIÓN COAS PERSOAS IMPLICADAS EN PRESENZA DA FAMILIA OU DOS/AS REPRESENTANTES LEGAIS

En presenza das familias ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a información resultante das investigacións previas. Ademais, recollerá a nova información achegada pola persoa implicada, e deixará constancia de todo o anterior a través do *Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais*.



Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais

FASE 4: PECHAMENTO DO PROTOCOLO

Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo.

A través do *Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar*, a dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos.



Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar



FASE 5: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptando a temporalización proposta a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixárase constancia a través do *Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas*, do cal deberá

entregarse copia á dirección do centro.



Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

A temporización proposta é a seguinte:

» Primeiro mes: recollida de información quincenalmente.

» Segundo mes en diante: recollida de información

mensualmente. Manterase este seguimento o tempo que se

considere necesario.

As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e facilitarase unha copia ao profesorado titor do

alumnado implicado do curso seguinte (sempre que este permaneza no mesmo centro), cofin de detectar unha posible repunta da situación.

Dentro do proceso de coordinación entre centros educativos, con motivo da transición de etapa ou cambio de centro, o equipo directivo velará porque o centro receptor do alumnado sexa puntualmente e debidamente informado da situación de posible vulnerabilidade de determinado alumnado en relación co acoso ou o ciberacoso escolar.

RECOMENDACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN

Algunhas das recomendacións que cómpre seguir durante o desenvolvemento do proceso de intervención do equipo ACAE son as que se detallan a seguir.

» **Actuacións coa vítima**

→ Garantir **protección, seguridade e apoio emocional**.

→ Manter, modificar ou ampliar as **medidas inmediatas de protección**.

→ Introducir **medidas de reforzo á súa autoestima**, medidas para evitar

ou paliar a autoculpabilización, actividades de educación emocional, destrezas de autoprotección, habilidades sociais, comunicación asertiva, manexo da ansiedade etc.

→ Realizar **tutorías individualizadas**.

→ Abordar o **estrés postraumático**, derivar aos servizos sanitarios, de ser o caso.

→ Crear unha **rede apoio** e ampliar o círculo social e de relación entre iguais.

→ **Acompañar** por grupos de compañeiros/as previamente formados/as.

→ **Separar fisicamente do alumnado acosador**. Nun principio, o cambio debe afectar a este último, a non ser que a vítima pida expresamente o contrario.

Actuacións coas persoas agresoras

→ **Actuacións educativas** na aula de convivencia do centro.

→ Inicio do **procedemento corrector**.

→ **Tutorías individualizadas**.

→ Claridade na **mensaxe de tolerancia cero con calquera conduta contraria á convivencia**, análise da gravidade da situación; procura da autoreflexión e cuestionamento das condutas desenvoltas.

→ **Reparación e compensación** dos danos causados.

→ **Programas de colaboración e cooperación** (tarefas de aprendizaxe-servizo), de manexo e control da agresividade e da ira, de habilidades sociais, de empatía etc.

Actuacións coas persoas espectadoras

→ Tarefas de **reflexión e análise das consecuencias persoais e sociais** da unión a grupos con condutas contrarias á convivencia, do consentimento e do silencio anteestas.

→ Tarefas relacionadas co **deber persoal e social de denuncia de situacións de acoso** e as consecuencias de non facelo. Importancia de pedir axuda e superar o medo a ser sinalado/a por denunciar.

→ **Programa cooperación e colaboración** (tarefas de aprendizaxe-servizo).

→ Conciencia sobre o **uso do Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar**.

» Actuacións coas familias ou representantes legais

→ Realizar un seguimento e acordar un **calendario de reunións ou contactos**. Débense fomentar relacións que promovan o fluxo de información, a colaboración e o compromiso na resolución da situación.

→ Achegar **pautas de actuación e hábitos adecuados**.

→ Informar sobre posibles **apoios externos e o seguimento** destes.

Actuacións co equipo docente

→ **Unificación dos criterios** de observación, seguimento e actuación.

→ Orientacións sobre como **intervir positivamente na situación** e como facer a observación e o seguimento desta.

→ Intervencións e/ou **pautas orientadoras para a abordaxe do caso na aula**.

CONSECUENCIAS LEGAIS

→ A existencia dun proceso penal por acoso non impedirá continuar coa posta en marcha das medidas educativas adoptadas desde o centro en relación a cada caso.

Para as persoas acosadoras

→ Se é menor de 18 anos pero maior de 14, poderase esixir responsabilidade penal e civil polo proceso penal de menores, regulado na Lei orgánica de responsabilidade penal dos menores.

→ Se a persoa acosadora é maior de 18 anos, poderase esixir

responsabilidade penal e civil conforme o Código Penal, polo proceso penal regulado na Lei de Axuizamento Criminal.

- Se é menor de 14 anos e chega denuncia ao Ministerio Fiscal, este instará ante o centro o que estime oportuno.

O/a menor non é responsable penalmente, sen prexuízo da responsabilidade civil en que poidan incorrer os seus representantes legais, o persoal docente e non docente, e o propio centro.

» Para as persoas representantes legais

A posición de garante de pais, nais, titores/as e demais representantes legais pode aparelar responsabilidade penal, tal e como se sinala no artigo 11 do Código Penal: “Os delitos que consistan na produción dun resultado só se entenderán cometidos por omisión cando a non evitación deste, ao infrinxir un especial deber xurídico do autor, equivalla, segundo o sentido do texto da lei, á súa causación. Par tal efecto equipararase a omisión á acción”.

Ademais, o artigo 450 do Código Penal sinala o principio de coresponsabilidade e o deber de colaboración e deber de comunicación de todas as persoas que teñan coñecemento dunha situación deste tipo: “Quen, podendo facelo coa súa intervención inmediata e sen risco propio ou alleo, non impida a comisión dun delito que afecte as persoas na súa vida, integridade ou saúde, liberdade ou liberdade sexual, será castigado coa pena de prisión (...)”.

Nas mesmas penas incorrerá quen, podendo facelo, non acuda á autoridade ou aos seus axentes para que impidan un delito dos previstos na epígrafe anterior e de cuxa próxima ou actual comisión teña noticia”.

O artigo 195 do Código Penal sinala que: “*Quen non socorra unha persoa desamparada e en perigo manifesto e grave, cando poida facelo sen risco propio nin de terceiros, será castigado coa pena de multa de tres a doce meses. Nas mesmas penas incorrerá quen, impedido de prestar socorro, non demande con urxencia auxilio alleo*”.

Respóndese civilmente de conformidade ao establecido no artigo 61.3 da *Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores*: “Cando o responsable dos feitos cometidos sexa menor de 18 anos, responderán solidariamente con el dos danos e prexuízos causados os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde”.

» Para o persoal docente e non docente

A posición de garante en que pode atoparse o persoal docente e non docente pode aparelhar responsabilidade semellante á das familias, lexislada nos artigos 11, 450 e 195 do Código Penal. A maiores, tamén a comisión dun delito de denegación de auxilio, regulada no artigo 412 do Código Penal, con penas de multa de tres a doce meses, e suspensión de emprego entre seis meses e dous anos; así como a comisión dun delito de permitir como funcionario público a comisión do delito de acoso, faltando aos deberes do seu cargo, que vén regulado no artigo 176 do Código Penal, castigado coa pena de prisión de dous a catro anos ou de prisión de seis meses a dous anos, dependendo do caso, ademais da inhabilitación especial para emprego ou cargo público de dous a catro anos. Este último suposto só é aplicable ao persoal docente.

» Para o centro educativo

Ao se tratar dunha persoa xurídica, non existe responsabilidade penal, xa que non se recolle expresamente no Código Penal para o delito de acoso ou ciberacoso escolar. Responde civilmente conforme o establecido no artigo 61.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e o establecido no artigo 1903.7 do Código Civil: *“Quen por acción ou omisión cause dano a outro, intervindo culpa ou neglixencia, está obrigado a reparar o dano causado. Esta obriga é esixible non só polos actos ou omisións propios, senón polos daquelas persoas de quen se debe responder. Os pais son responsables dos danos causados polos fillos que se atopen baixo a súa garda. Os titores son dos prexuízos causados polos menores que estean baixo a súa autoridade e habiten na súa compañía.*

O protocolo de convivencia contén uns anexos que aquí non se contemplan.

6. As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia.

Valor da convivencia.

1. A tolerancia, o respecto aos demais, a cooperación, a solidariedade, son valores que requiren o exercicio diario dos mesmos e que deben inspirar a organización de toda a vida escolar e a conduta dos que nela participan.
2. A convivencia nos centros convértese así nun factor de máxima importancia na educación dos nenos e nenas, adolescentes, mozos e mozas, como marco idóneo para a adquisición e o

exercicio dos hábitos de respecto mutuo e de participación responsable nas actividades propias da vida en sociedade.

3. A corrección das condutas contrarias ás normas, cando iso sexa necesario, hase orientar de forma educativa, procurando sempre a formación e recuperación do alumno ou alumna.

4. O papel do profesorado ten unha especial relevancia na creación do clima educativo axeitado, pois eles son os principais responsables do labor educativo no centro.

5. As alumnas e alumnos, pola súa banda, teñen o deber de asistir á clase e de esforzarse de maneira activa e positiva na aprendizaxe dentro dun clima de respecto.

6. A participación e colaboración das nais e pais ou titores é fundamental tanto para o establecemento das normas de convivencia dos centros como para a prevención e solución de posibles conflitos.

Normas de convivencia.

1. As normas de convivencia do centro definen as características das condutas que deben promoverse para lograr:

- a) O crecemento integral da persoa;
- b) Os fins educativos do centro, o desenvolvemento do “carácter propio” e do Proxecto educativo do centro;
- c) O desenvolvemento da comunidade educativa;
- d) Un bo ambiente educativo e de relación no centro;
- e) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

2. Sen prexuízo das establecidas no presente Documento e no Plan de Convivencia, son normas de convivencia do centro:

- a) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a comunidade educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo;
- b) O respecto á diversidade e a non discriminación;
- c) A corrección no trato social, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e educada;
- d) O interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade;
- e) O respecto polo traballo e función de todos os membros da comunidade educativa;
- f) A cooperación nas actividades educativas ou de convivencia;
- g) A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar;
- h) O coidado no aseo e na imaxe persoal e a observancia das normas do centro sobre esta

materia;

- i) O cumprimento da normativa do Centro respecto a vestimenta.
- j) A actitude positiva ante os avisos e correccións;
- k) A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro, conforme ao seu destino e ás normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do centro;
- l) O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro;
- m) En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación e no presente regulamento por parte dos membros da comunidade educativa e de cada un dos seus estamentos, especialmente os derivados do “carácter propio” e do Proxecto Educativo do centro.

3. As normas de convivencia serán de obrigado cumprimento.

Alteración e corrección.

1. Alteran a convivencia do centro, e serán obxecto de corrección, aquelas condutas que, por acción u omisión, vulneran as normas de convivencia .

2. Os que alteren a convivencia serán corrixidos conforme aos medios e procedementos que sinala a lexislación vixente e o presente regulamento.

3. As Normas de Convivencia elaboradas de conformidade co establecido na lexislación vixente e en presente documento serán incorporadas como Anexo a este Documento.

4. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

5. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste Documento.

6. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

7. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

8. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas

correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

9. Ao inicio de cada curso escolar poderanse establecer normas de convivencia específicas en desenvolvemento das xerais contempladas no artigo 144 do presente regulamento; serán incorporadas como anexo deste documento.

10. Os membros do equipo directivo e os profesores teñen a consideración de autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores e membros do equipo directivo do centro terán valor probatorio e gozarán de presunción de veracidade salvo proba en contrario, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou aportar os propios afectados.

11. As correccións impostas aos pais, nais ou titores de alumnos requirirán a aprobación do Consello da Comunidade Educativa.

Condición de autoridade pública do profesorado. (Lei 4/2011)

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na Xefatura de estudos do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Dereitos e deberes de convivencia e participación directa (Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa)

Artigo 5. Disposición xeral.

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se regulan neste título.

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécense os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección (Decreto 8/2015)

Artigo 32. Principios xerais

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizárase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito a escolaridade.

8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

Artigo 33. Clases de condutas contrarias á convivencia

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

Artigo 34. Gradación das medidas correctoras.

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Artigo 35. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta. 3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 36. Ámbito de corrección

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

Artigo 37. Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas

proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciase a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens

doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificadas que perturban gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 39. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

Artigo 42. Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Artigo 43. Medidas correctoras.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Artigo 44. Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto.

A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Artigo 45. Solicitude de revisión e execución de medidas

1. As alumnas ou os alumnos ás aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

CAPÍTULO IV Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para

a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

SEGUNDO A LEI

Sección 2ª. As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia

Artigo 18. Normas de organización e funcionamento

1. As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
2. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
3. Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.
3. Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas.
4. Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

7. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

8. Informar sobre o Plan de convivencia ás familias a través da páxina web do centro, onde estará accesible a toda a comunidade educativa e poderanse lembrar aspectos concretos del na reunión de principio de curso.
9. Informar sobre o Plan de convivencia ou sobre posibles actualizacións no claustro de profesores de principio de curso, entregando unha copia aos distintos coordinadores.
10. Colocar exemplares do Plan de Convivencia nas distintas salas de profesores e despachos.
11. Dalo a coñecer aos distintos grupos de alumnado do colexio, adaptándoo á súa capacidade e grao de madurez, ben por medio da xefatura de estudos que os titores.
12. Información e formación ao profesorado sobre os instrumentos e protocolos

sobre resolución de conflitos e compromisos de convivencia.

13. Información ao Consello Escolar do contido do Plan e do seu seguimentos por parte da Comisión de Convivencia.

8. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Os mecanismos de seguimento e avaliación do Plan de Convivencia quedarán reflectidos na Memoria Anual de centro. Tratarase dunha avaliación continua e procesual, debe ser realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliación das aprendizaxes do alumnado.

Levaranse a cabo no centro as seguintes actuacións de seguimento e avaliación:

- Recolleranse na plataforma todas aquelas situacións producidas ao longo do curso escolar.
- A Comisión de Convivencia reunirse como fixa a lei.
- Anualmente e puntualmente, si fora preciso, se revisarán e se adecuarán á normativa vixente os distintos aspectos do Plan de Convivencia.
- Ao finalizar o curso elaborárase unha memoria anual que será incorporada na memoria xeral do centro.
- Preguntas referentes ao clima do centro nas enquisas de avaliación do curso de familias, alumnado, e profesorado.

ÁMBITOS

- En relación co **entorno social**: as relacións do centro coas institucións do entorno, traballo en rede, etc
- En relación co **entorno familiar**: relacións familia-escola, cauces de comunicación e información, participación das familias, espazos e tempos adicados ás relacións, estilos educativos das familias...
- En relación co **entorno escolar**: espazos, instalacións, agrupamentos, clima nas aulas/patio, relacións entre alumnado-profesorado-profesorado/alumnado...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

- Cuestionarios ás familias/alumnado/ profesorado.
- Observación directa.
- Entrevistas coas familias, alumnado...
- Número de partes de comunicación de condutas contrarias á convivencia abertos na aplicación informática.

RESPONSABLES

- Equipo Directivo
- Claustro de profesores e os distintos departamentos, comisións.
- Comisión de convivencia.
- Consello Escolar

ANEXO I. NORMAS BÁSICAS DE COMPORTAMENTO E CONVIVENCIA. ESO

NA AULA:

- Érguese a man para intervir. As explicacións non poden ser interferidas con conversacións ou comentarios extemporáneos e o profesor velará por garantir o silencio.
- Recoméndase silencio tamén na execución de tarefas individuais.
- Nos traballos en parella ou grupo, a recolocación da aula executarase co menor ruído posible e volverase á posición orixinal uns minutos antes do final da sesión lectiva.
- Está prohibido comer no desenvolvemento das clases.
- Tampouco consideramos recomendable a presenza de botellíns de auga na aula, a non ser en épocas de calor intenso.
- Si se utiliza o móvil, soa ou é visible se requisa según as normas.
- Deben estar tranquilos nos cambios de clase.
- Os cambios de aula en materias que así o esixan realizaranse en silencio.
- O regreso das clases de Educación Física debe producirse no menor tempo posible. Consignarase como retraso na plataforma coas pertinentes consecuencias en caso de reincidencia.
- Entre clase e clase non se lles pode autorizar para falar con profesores, levar traballos ou realizar xestións colexiais, a non ser que estas non poidan realizarse noutro momento e non se deban ao propio descoido.
- Ao final de cada xornada, o último profesor revisará que o chan e os pupitres queden tan limpos como sexa posible.
- Lembremos que o profesor debería estar na aula antes que o alumnado ao remate dos recreos e no inicio da xornada lectiva de mañá ou de tarde. Así mesmo, debe demorarse o menos posible no tránsito entre clases, sobre todo cando acuda a un aula especialmente indisciplinada. Ten a obriga de deixar a clase organizada (todos sentados, como moito entre murmullos, co material disposto de xeito adecuado para continuar o traballo). Si na hora seguinte non ten clase, verificará si nalgún aula do seu andar faltan profesores e a atenderá durante uns intre. Se non acudira o responsable, comunicará ao profesor de garda a falta para que a supla.
- Sobre o vestiario recoméndase o uso de aquel que se adecúe á actividade escolar. En principio quedan prohibidos bañadores, pantalóns curtos de deporte, gorras, bermudas informais de tipo praiero...

NO RECREO:

- Como norma xeral, o recreo realízase no patio.
- Os corredores deberán manterse despexados durante o recreo, a non ser que circunstancias climatolóxicas adversas volvan desapacible a estancia no patio e o Xefe de Estudos o autorice expresamente.
- No patio prohibense xogos que conleven perigo para os participantes ou para o resto da comunidade educativa. Así mesmo, deben interromperse actividades violentas, humillantes ou pouco axeitadas neste entorno.

OUTRAS:

- Non se debe prestar a chave da sala de profesores ao alumnado.
- Non se permite o intercambio de materiais (calculadoras, libros de texto ou lectura...) entre clase e clase. Salvo que así o autorice o profesor/a involucrado.
- Se un alumno chega tarde a clase, entra, a pesar de todo, na aula. Consignase o seu retraso na plataforma.

Recoméndase tamén ao profesorado que entre clase e clase non acuda á sala de profesores para evitar baleiros nas aulas. Si esa circunstancia é inevitable, solicitará axuda dalgún compañeiro de andar mentres realiza este trámite.

NORMAS DE CONVIVENCIA

- Polos corredores e escaleiras ANDA con ORDE, sen correr nin berrar.
- "SABER ESTAR" na Aula, Patio, Salón de actos...
- USA as PAPELEIRAS do patio e das Aulas.
- Coida a PUNTUALIDADE.
- Presenta con limpeza e orde os traballos persoais.
- RESPECTA sempre a todas as persoas.
- Os cuartos de baño non son lugar de xogo, debemos mantelos limpos.
- CUIDA a túa HIXIENE PERSOAL.
- ORGANIZA o teu tempo de estudo e descanso (HORARIO PERSOAL).
- Sé CORRECTO no trato cos demais.
- Evita SEMPRE as discusións, e as pelexas...
- Aproveita con esforzo e constancia o tempo de traballo na CLASE.
- Ten sempre preparado o teu material escolar.
- AS TÚAS PALABRAS AMIGAS:
"Por favor", "Perdón", "Hola", "Bos días", "Boas tardes",
"¿Qué tal estás?", "Felicidades", "Equivoqueime", "¿Podo axudarte?"...


NA CLASE

- **Estamos habitualmente en silencio.**
 - **Pedimos a palabra para preguntar.**
 - **Non nos rimos das equivocacións dos compañeiros/as.**
-
- **Estamos ben sentados.**
 - **Respectamos as cousas dos demais e da aula.**
 - **Coidamos a caligrafía, a ortografía e a presentación.**
-
- **Nos traslados a outros locais do colexio vamos en silencio.**
 - **Somos xenerosos e compartimos cos compañeiros/as.**
 - **Escoitamos atentamente cando nos falan.**
-
- **Procuro levar o traballo ao día.**
 - **Teño preparado o meu material escolar.**
 - **Teño ilusión por aprender.**
-
- **Gústame a miña clase: está limpa e ordenada.**
 - **Somos compañeiros/as, facemos grupo, temos amigos/as.**
 - **Quero ao meu colexio, a miña clase e aos meus compañeiros/as.**


ANEXO II. Normas Educación Infantil

EDUCACIÓN INFANTIL


NORMAS DA AULA



AXUDÁMONOS NAS
COUSAS QUE MÁIS
NOS CUSTAN



LEVANTAMOS A MAN
CANDO QUEREMOS DICIIR
ALGO




POÑEMOS ATENCIÓN Á
PERSOA QUE NOS FALA



RECOLLEMOS OS
XOGUETES E TIIRAMOS OS
PAPEIS NA PAPELERA




COLOCAMOS NOSAS
PEZAS E OBOXECTOS NO
SEU LUGAR




DESPRADÁMONOS
CAMIÑANDO PARA NON
MOLESTAR



PEDI^IMOS AS COUSAS
POR FAVOR E DAMOS
AS GRAZAS



DEI^IXAMOS A CADEI^IRA
XUNTO Á MESA AO
POÑERNOS DE PÉ



SÁI^IMOS DEI^IXANDO A
AULA ORDEADA




FALAMOS SEN BERRAR



COMPARTI^IMOS OS
MATERI^IAI^IIS

NORMAS DE ZONAS COMÚNS



Anexo III NORMAS DE CONVIVENCIA Educación primaria

I. OUTRAS NORMAS...

- Coidamos a caligrafía, a ortografía e a presentación.
- En clase de Educación Física traemos a roupa deportiva.
- Favorecemos a convivencia, o diálogo, o respecto...
- Somos xenerosos e compartimos cos compañeiros/as.
- Teño ilusión por aprender.
- Gústame coñecer cousas novas.
- Gústame a miña clase: axudo a que esté limpa e ordenada..
- Somos compañeiros/as, facemos grupo, temos amigos/as.
- Quero ao meu colexio. Quero á miña clase. Quero aos meus compañeiros/as.
- Fala correctamente, empregando un vocabulario axeitado.
- Coida e marca co teu nome a roupa. Sé responsable, non a perdas nin a deixes en calquera sitio.
- Respecta a todos os compañeiros/as e profesorado.
- Coida a túa hixiene persoal.
- Participa con ilusión nas campañas e actividades que te propoñan dende o centro.
- Non te esquezas: o patio é un lugar de xogo e encontro cos demais.
- Organiza o teu tempo de estudo e descanso (Horario persoal).
- Sé correcto no trato cos demais. Evita sempre as discusións, as pelexas, os insultos e os alcumes.
- Entrega en casa todas as circulares e comunicados que te dan no colexio.
- Ten sempre preparado o teu material escolar.
- As túas palabras amigas: “por favor”, “perdón”, “Ola”, “Bos días, boas tardes”, “¿Qué tal estas?”, “felicidades”, “podo axudarte?”.
- O uso do móbil está prohibido dentro das instalacións colexiais. Poderá ser requisado conforme á normativa existente a este respecto.
- Sobre o vestiario recoméndase o uso de aquel que se adecúe á actividade escolar. En principio quedan prohibidos bañadores, pantalóns curtos de deporte, gorras, bermudas informais de tipo praiero.

II. Medidas a tomar ante as faltas de comportamento. Educación Primaria.

Cando algún alumno comete algunha falta grave (actitude violenta, falta de respecto ao profesor e/ou desobediencia) ou presenta unha reiteración importante de malos comportamentos (interromper ao profesor constantemente, molestar aos compañeiros, pasividade académica...) e ademais xa quedaron esgotadas as advertencias e sancións leves, poderán levarse a cabo outras sancións que a continuación se mencionan segundo a gravidade da falta cometida:

- Amonestación verbal.
- Amonestación por escrito.
- Comparecencia ante a persoa que exerza a xefatura de estudos.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias.
- E, en caso de necesidade, outras sancións que se recollen no RRI do noso centro e a lexislación vixente contempla.
- As faltas de comportamento leves ou graves sempre deberán ser comunicadas aos pais persoalmente ou a través da plataforma educativa Esentia.

Anexo IV FALTAS DE COMPORTAMENTO ESO

FALTAS DE COMPORTAMENTO

Conduta leve contraria ás normas de convivencia:

Medidas:

Recoméndase a seguinte sucesión de medidas:

o Amoestación verbal. Reflexionando co alumno cales son os problemas da súa conduta, as normas existentes no centro e as consecuencias que recibiría no caso de reincidencia.

o Conduta reiterada: Amoestación por escrito, comparecencia perante o titor e/ou xefe de estudos e aplicación de castigo/s:

1º privación de recreo (debemos deixarlles sempre 10 minutos libres para que os alumnos poidan afrontar mellor o que lles queda de xornada).

2º Realización de traballos específicos durante o período lectivo.

3º Permanencia no centro para realizar traballos específicos fóra do horario lectivo (estudos pola tarde).

4 Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

o Se non hai mellora ou no caso de comportamento especialmente disruptivo: amoestación por escrito con aviso de posible suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos e comparecencia perante o xefe de estudos, acompañado do titor.

o Mantemento da conduta tras aplicar a anterior medida: suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos.

o Mantemento da conduta tras aplicar a anterior medida: Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Conduta gravemente prexudicial para a convivencia:

Medidas:

o Esgotadas as anteriores vías, recoméndase que Dirección reconveña finalmente o alumno e que esta reconvencción se poña en coñecemento da familia. No caso de que non haxa cambio de actitude se aplicarán as medidas sancionadoras ante unha falta gravemente prexudicial para a convivencia.

FALTAS DE PUNTUALIDADE

As faltas de puntualidade inclúen, non só aqueles casos rexistrados ao comezo da xornada escolar, senón tamén, os consignados nas reincorporacións a clase tralos recreos, no remate das clases de Educación Física ou calquera outra circunstancia que esixa o cumprimento dun horario. Deberá consignarse sempre na plataforma.

Conduta contraria ás normas de convivencia:

Medidas:

É importante que a principio de curso na xuntanza coas familias, incidamos na importancia da puntualidade e comuniquemos que, no caso de reincidencia, o alumnado, poderá ser sancionado por dito motivo.

3 retrasos ao mes comunicación escrita á familia de posible sanción disciplinaria á seguinte falta de puntualidade.

4 o máis retrasos ao mes. Comunicación escrita á familia de sanción disciplinaria. Propostas: c) y d) Realización, en horario lectivo e non lectivo, de traballos específicos, (estudo pola tarde e/ou recuperación do tempo no recreo...)

FALTAS DE ASISTENCIA INXUSTIFICADAS

Conduta contraria ás normas de convivencia:

Medidas:

o Unha vez: Suspensión temporal do dereito de asistencia a determinadas clases por período de ata tres días lectivos, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Permanecerá na aula de convivencia inclusiva.

Conduta gravemente prexudicial para a convivencia:

Medida:

o Superado este nivel de absentismo escolar, poñerase en coñecemento das familias a necesidade de abrir un protocolo de absentismo avisando ás autoridades educativas pertinentes.

TRATO INCORRECTO

Conduta contraria ás normas de convivencia:

Medidas:

o Considerarase trato incorrecto todo comportamento cara a un membro da comunidade educativa que supoña unha vulneración das normas básicas de cortesía. En canto ás medidas, recoméndase aplicar as mesmas ca no caso do comportamento.

Conduta gravemente prexudicial para a convivencia:

Medida:

o No caso dun trato especialmente grave ou no caso de reincidencia en faltas leves, tras non reaccionar ás medidas impostas, aplicaranse as medidas sancionadoras ante unha falta gravemente perxudicial para a convivencia.

DETERIORO DE DOTACIÓNS

o No caso de deterioro, debido ao uso incorrecto, á negligencia ou ao xogo: reposición do material danado intencionadamente.

EPISODIOS DE VIOLENCIA

Medidas:

o Estas aplicaranse tendo en conta a gravidade, o historial do alumno e as circunstancias atenuantes. No caso de que se trate dun comportamento de violencia grave ou unha reiteración de episodios violentos, aplicaranse as medidas sancionadoras ante unha falta gravemente perxudicial para a convivencia.

ACTUACIÓNS PERXUDICIAIS PARA A SAÚDE OU INCITACIÓN ÁS MESMAS

Medidas:

o Consumo de tabaco: Neses casos falarase co alumno ou alumna implicado e se aplicará a medida, mediante comunicado previo e escrito ás familias, coa sanción de suspensión temporal

do dereito de asistencia ao centro por período de tres días.

o No caso doutras substancias gravemente perxudiciais para á saúde, considérase directamente conduta gravemente prexudicial para a convivencia coa correspondente sanción que se determine.

USO DE MÓBILES E OUTROS APARELLOS ELECTRÓNICOS

o Está prohibido o seu uso no centro escolar tanto en tempo lectivo como non lectivo. Así como no servizo de transporte, comedor ou actividades complementarias e extraescolares.

o Considérase período non lectivo ás entradas e saídas ao centro, os recreos e os períodos dedicados a actividades complementarias e extraescolares.

o Estos dispositivos, de traelos ao centro, deberán estar apagados, non quedando visibles dentro do recinto escolar.

o O incumprimento das normas anteriores terá a consideración de conduta contraria a convivencia e polo tanto poderá ser sancionado.

o No caso de uso, sonoridade ou visibilidade será requirido polo profesorado que o entregará á Dirección do centro.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou pioda perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes. Complementarias ou extraescolares. Art 11. 3 Lei 4/2015.

O requerimento previsto neste punto obriga ao alumno ou alumna requerida á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou a titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

EXAMES

o Ausencia xustificada polas familias ou titores legais: A proba repetirase canto antes, así o profesor o considere oportuno, no momento en que o alumno se reincorpore ás clases, coa posibilidade de que a dificultade da proba sexa maior e de que non medie aviso previo. Se non hai tempo antes da fin da avaliación, o alumno/-a realizará a recuperación

o Se o alumno falta nas horas previas ao exame, o claustro rexerese polos mesmos criterios ca no primeiro caso. Só con xustificante poderán realizar a proba no mesmo momento que os seus compañeiros.

o As programacións didácticas deben facer referencia a estas medidas, que son colexiais. Debe informarse a comezo de curso tanto ao alumnado coma ás familias.

FALTA DE TRABALLO DIARIO, PASIVIDADE ACADÉMICA OU REITERADA ASISTENCIA AO CENTRO SEN O MATERIAL E EQUIPAMENTO PRECISOS PARA PARTICIPAR ACTIVAMENTE NO DESENVOLVEMENTO DAS CLASES

Ademais da súa repercusión na cualificación, tal e como o profesor o considere nos seus criterios, poderá aplicarse una amonestación verbal ou escrita, así como a realización de traballos específicos ou comparecencia diante da Xefatura de Estudos.

No caso de insistir nesa actitude: entrevista cos pais para pactar medidas.

COMUNICACIÓN DE CONDUCTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA POR PARTE DO PROFESOR/A

Informámoslos de que o seu fillo/a
incorreu nunha conduta contraria ás normas de convivencia do Centro o día

alumno/a do curso e grupo
ás

FALTA DE COMPORTAMENTO (Art. 132) (riscar cun X) ☐ Interromper as clases reiteradamente ☐ Molestar os compañeiros/as ou o profesor ☐ Non obedecer ó/a profesor/a ☐ FALTAS DE MATERIAL OU EQUIPAMENTO (Art. 132 do RRI) ☐ FALTAS DE PUNTUALIDADE (Art. 132 do RRI) ☐ PASIVIDADE ACADÉMICA (Art. 132 do RRI) ☐ INCUMPRIMENTO DUNHA MEDIDA (Art. 132 do RRI) ☐ Outras (Art. 132 do RRI): ☐ 	SANCIÓN ESTABLECIDA (riscar cun X) Sanciona o PROFESOR/A	Amoestación por escrito ☐ Comparecencia ante o titor (Art. 137). ☐ Comparecencia ante o Xefe de Estudos (Art. 137 do RRI). ☐ Outras (Art. 137 do RRI): ☐ Datas e condicións da medida:
Informacións complementarias:		
ATENUANTES (riscar cun X) Recoñéceo espontaneamente e pide excusas Defensa propia ou dun compañeiro/a Actúa baixo presión ou coacción Outro:	AGRAVANTES (riscar cun X) Premeditación Acto discriminatorio Mentir inculcando outra persoa Calar para non esclarecer os feitos Outro:	OBSERVACIÓNS DO ALUMNO/A

Lembrámoslle a necesidade de que o alumno/a cumpra coa sanción imposta, pois o incumprimento daría lugar a unha nova falta de conduta. Poden recadar máis información solicitando unha cita co titor/a do seu fillo/a.

Este impreso debe ser asinado polo pai/nai/titor legal do alumno/a e entregado por este ao titor/a á maior brevidade.

Asdo: O profesor

Informado: O alumno/a
(non implica conformidade)

Informado: Pai/nai/titor legal
Nome e DNI:

COMUNICACIÓN DE CONDUCTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA POR PARTE DO/A TITOR/A

Informámoslos de que o seu fillo/a
incorreu nunha conduta contraria ás normas de convivencia rexistrada o día

alumno/a do curso e grupo
ás

FALTA DE COMPORTAMENTO CONSTANTE (riscar cun X) (Art. 132 do RRI) ☐		SANCIÓN ESTABLECIDA (riscar cun X) Sanciona o TITOR/A
Interromper as clases ☐ Molestar os compañeiros/as ou o profesor ☐ Non obedecer ó/á profesor/a ☐		Realización de tarefas fóra do horario lectivo (Art 137do RRI) ☐ Outras (Art 137 do RRI) : ☐
ACTITUDE VIOLENTA (Art 132 do RRI) ☐ Descrición:		Datas e condicións da medida:
ACTITUDE NEGATIVA NO RECREO (Art.132 do RRI) ☐ Descrición:		
DETERIORO DO MATERIAL (Art 132 do RRI) ☐		
FALTA DE TRABALLO DIARIO (Art 132 do RRI) ☐		
Outra (Art 132 do RRI): ☐		
Informacións complementarias:		
ATENUANTES (riscar cun X)	AGRAVANTES (riscar cun X)	OBSERVACIÓNS DO ALUMNO/A
Recoñéceo espontaneamente e pide escusas	Premeditación	
Defensa propia ou dun compañeiro/a	Acto discriminatorio	
Actúa baixo presión ou coacción	Mentir inculcando outra persoa	
Outro:	Calar para non esclarecer os feitos	
	Outro:	

Lembrámoslle a necesidade de que o alumno/a cumpra coa sanción imposta, pois o incumprimento daría lugar a unha nova falta de conduta. Poden recadar máis información solicitando unha cita co titor/a do seu fillo/a.

Este impreso debe ser asinado polo pai/nai/titor legal do alumno/a e entregado por este ao titor/a á maior brevidade.

Asdo: O titor/a

Informado: O alumno/a
(non implica conformidade)

Informado: Pai/nai/titor legal
Nome e DNI:

COMUNICACIÓN DE CONDUCTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA POR PARTE DO XEFE DE ESTUDOS

Informámoslos de que o seu fillo/a
incorreu nunha conduta contraria ás normas de convivencia rexistrada o día

alumno/a do curso e grupo
ás

FALTA DE COMPORTAMENTO CONSTANTE (riscar cun X) (Art.132 do RRI) ☐ Interromper as clases ☐ Molestar os compañeiros/as ou o profesor ☐ Non obedecer ó/á profesor/a ☐ ACTITUDE VIOLENTA (Art. 131 do RRI) ☐ Descrición: ACTITUDE NEGATIVA NO CENTRO (Art. 131RRI) ☐ Descrición: Outra (Art. 131 do RRI): ☐		SANCIÓN ESTABLECIDA (riscar cun X) Sanciona o XEFE de ESTUDOS Suspensión do dereito de participación nas act. comp. (Art 137 do RRI) ☐ Cambio de grupo (Art 137 do RRI). ☐ Outras (Art. 137 do RRI): ☐ Datas e condicións da medida:
Informacións complementarias:		
ATENUANTES (riscar cun X)	AGRAVANTES (riscar cun X)	OBSERVACIÓNS DO ALUMNO/A
Recoñeceo espontaneamente e pide excusas	Premeditación	
Defensa propia ou dun compañeiro/a	Acto discriminatorio	
Actúa baixo presión ou coacción	Mentir inculcando outra persoa	
	Calar para non esclarecer os feitos	
Outro:	Outro:	

Lembrámoslle a necesidade de que o alumno/a cumpra coa sanción imposta, pois o incumprimento daría lugar a unha nova falta de conduta. Poden recadar máis información solicitando unha cita co titor/a do seu fillo/a.
Este impreso debe ser asinado polo pai/nai/titor legal do alumno/a e entregado por este ao titor/a á maior brevidade.

Asdo: O xefe de estudos

Informado: O alumno/a
(non implica conformidade)

Informado: Pai/nai/titor legal
Nome e DNI:

COMUNICACIÓN DE CONDUTA CONTRARIA Á CONVIVENCIA POR PARTE DA DIRECTORA

Informámolos de que o seu fillo/a
incorreu nunha conduta contraria ás normas de convivencia rexistrada o día

alumno/a do curso e grupo
ás

FALTA DE COMPORTAMENTO CONSTANTE, TRALA APLICACIÓN DOUTRAS MEDIDAS (Art 132 do RRI) (riscar cun X)		SANCIÓN ESTABLECIDA (riscar cun X) Sanciona o DIRECTOR	
Interromper as clases ☐		Expulsión por tres días da materia con traballo. (Art. 137 do RRI) ☐	
Molestar os compañeiros/as ou o profesor ☐		Suspensión do dereito de asistencia ó centro (Art 137 do RRI) ☐	
Non obedecer ó/á profesor/a ☐		Outra (Art 136,137 do RRI): ☐	
ACTITUDE VIOLENTA REITERADA (Art 132 do RRI) Descrición: ☐		Datás e condicións da medida:	
ACTITUDE NEGATIVA NO CENTRO (Art.132 do RRI) Descrición: ☐			
Outra (Art 132 do RRI): ☐			
Observacións:		Observacións:	
Informacións complementarias:			
ATENUANTES (riscar cun X)		AGRAVANTES (riscar cun X)	
Recoñeceo espontaneamente e pide excusas	Premeditación	OBSERVACIÓNS DO ALUMNO/A	
Defensa propia ou dun compañeiro/a	Acto discriminatorio		
Actúa baixo presión ou coacción	Mentir inculcando a outra persoa		
Calar para non esclarecer os feitos	Calar para non esclarecer os feitos		
Outro:	Outro:		

Lembrámoslle a necesidade de que o alumno/a cumpra coa sanción imposta, pois o incumprimento daría lugar a unha nova falta de conduta. Poden recadar máis información solicitando unha cita co titor/a do seu fillo/a.

Este impreso debe ser asinado polo pai/nai/titor legal do alumno/a e entregado por este ao titor/a á maior brevidade.

Asdo: O DIRECTOR

Informado: O alumno/a

Informado: Pai/nai/titor legal

ANEXO V. -PROCEDIMENTO PARA XESTIONAR AS FALTAS DE CONDUCTA

Ante unha conduta contraria á convivencia dun alumno/a, se o profesor considera que non é suficiente cunha amonestación verbal, procederase do xeito seguinte:

1.- O profesor/a cubrirá o impreso de comunicación ás familias ou titores legais da falta de conduta (parte), e darallo a asinar ao alumno/a. Despois devolverase este impreso de comunicación para que llelo leve a asinar aos seus familiares ou titores legais. Debemos informar ás familias, mediante a plataforma educativa, explicando o sucedido de forma xeral e dicindo que o alumno leva un parte de comunicación de sanción que deberán devolver firmado.

4.- O alumno entregará ao profesor que impuxo o castigo a comunicación de falta de conduta asinada polo pai/nai/titor legal ao incorporarse ao colexio ó día seguinte. Este documento, unha vez entregado e revisado polo titor/a ou profesor, será depositado para o seu arquivo na Xefatura de Estudos,

5.- Toda falta debe conlevar unha sanción establecida polo profesor que a impuxo. Non se admitirán a trámite para sanción por falta gravemente perjudicial para a convivencia, a acumulación de faltas leves cando estas non foran comunicadas debidamente por escrito.

6.- O profesor/a que impón unha sanción debe responsabilizarse do control do cumprimento da mesma, non puidendo delegar esta tarefa no titor/a salvo por acordo con este.

ANEXO VI. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO NA ESO (NOF)

- Disposición dos cursos e grupos para efectuar a entrada do recreo:
De esquerda á dereita: 4ºA – 4º B – 3º A – 3º B – 2º A – 2º B – 1º A – 1º B
Orde de entrada das fileiras:
3ºA – 2ºA
3ºB – 2ºB
4ºA – 1ºA
4ºB – 1ºB
- Farase por acceder e/ou subir as escaleiras en fileira e en silencio.
- Cando as saídas (remate da sesión da mañá ou da tarde, hora do recreo...), o profesor da quenda encabezará a fileira e o alumno encargado apagará a luz e pechará a porta da aula. O profesor acompañará os alumnos até a porta de acceso ao patio ou ata a porta principal.
- Os primeiros en efectuar a saída serán os alumnos que ocupen as aulas do comezo do corredor (e así sucesivamente).
- O alumno encargado de dar a hora, abandonará a aula tres minutos antes de concluír cada sesión.
- Os cursos encargados serán 2º da ESO, no terceiro andar e 4º da ESO no primeiro andar.
- Por regra xeral, non se permitirá ir ao aseo nin durante nin entre as clases. Tampouco cando volten do recreo. Deben ir ao aseo no recreo e na entrada e saída ao colexio.
- Ao respecto da vixilancia dos recreos e no edificio de venda de bocadillos, propoñemos a venda de un máximo de dous por alumno. É obrigatorio manter unha fila que descorra cara a entrada de infantil e non cara o interior do edificio.
- Os alumnos deberán permanecer sentados durante os cambios de clase. Non deberán saír ao corredor, nin se asomarán á soleira da porta.
- As entradas deben efectuarse polos portais do patio, ou pola porta principal do colexio. As saídas serán polos portais do centro.
- Se os recreos cadran con bo tempo, non se permitirá o acceso dos alumnos ás dependencias do edificio, agás para ir ao aseo ou á Secretaría.
- Non se permitirá o consumo de chicle en calquera das dependencias do edificio.
- O móbil está prohibido nas instalacións do centro en tempo lectivo e non lectivo. Así como no servizo de transporte, comedor ou actividades complementarias e extraescolares realizadas dentro ou fóra do centro. No caso de uso, sonoridade ou estar visible será requisado segundo as normas, e o alumnado implicado poderá recibir unha sanción dependendo da situación ou reincidencia. O móbil será depositado na Dirección do centro á espera de que o recolla a familia ou o alumnado por mandato desta.
- Sobre o vestuario recomendase o uso de aquel que se adecúe á actividade escolar. En principio quedan prohibidos bañadores, pantalóns curtos de deporte e de tipo praiero, gorras...

ANEXO VII. A CONVIVENCIA CON ALUMNOS/AS CON TDAH

Normas de convivencia consensuadas na aula.

Negociaranse co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento). Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

Estratexias para controlar e mellorar a conduta.

Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, deben cambiarse os antecedentes e as consecuencias para que o comportamento da nena ou do neno cambie, o que supón comprender as características do TDAH. Hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgũa norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta e sobre o seu traballo.
- Favorecer que os demais xoguen con el ou con ela e que os ignoren cando se portan mal.
- Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.